



A necesidade de mudar consciencias e erradicar argumentos e comentarios machistas que xustifican a violencia.

25 de novembro. Saímos á rúa e, un ano máis, procuramos chamar a atención das persoas que pasan, lemos textos, poemas, definicións que falan de violencia, violencia contra as mulleres. As persoas miran de lonxe, algunhas paran un segundo, un minuto, só unas poucas sentan, unha muller con velo nin repara no acto.

Outra muller gardou apurada o folleto no abrigo. Na casa sacaroo sobre o caldeiro do lixo, botaralle unha ollada a correr. Non pode pararse, ten que preparar a cea e ter todo listo para cando chegue el. Ese que un día lle negará a metade do que entre os dous teñen porque ela non contribuíu economicamente na familia, porque el era o único que traballaba fóra da casa, porque el foi o sostén económico e por iso, nese futuro, esixirá que todo sexa para el. Negarase mesmo á pensión compensatoria.

É o grande negocio da esposa escrava. Unha muller alienada que dedica o cento por cento do seu tempo a atendelo a el, o cabeza de familia, o que trae o diñeiro. Ela que se ergue para quentar o leite, poñerllo na mesa, darlle o pano para que se limpe, retirar a louza e fregala, ela que lle abre a porta e logo péchaa. Ela que lle zurce calcetíns e calzóns, que estira no mercado o seu salario economizando na compra, que lle ten o prato posto na mesa cando chega, a comida feita.

El non ten que facer nada. Nada. Nin colle un prato. Sentado ante a televisión reclama o garfo que falta na mesa, e cando quere beber nin fala, estira o vaso e agarda a que llo enchan. Ela ten que estar na casa á súa hora, con todo listo e preparado. El ás veces chega tarde porque se demorou a partida cos amigotes e non entende por que a cea non está quente como a el lle gusta, ao fin e ao cabo é a obriga dela, chegue cando chegue.

Nunca lavou unha camisa, nin coseu un botón. Nunca coceu un ovo, nin levou un prato ao fregadeiro. Nunca puxo unha manta na cama, nin sabe onde están os zapatos. E no futuro negarase a que ela teña algo que só é del, porque só el trouxo diñeiro a casa e aforrouno ou gastouno nas súas cousas, porque a criada xa a tiña paga. Ela mira o papel rapidamente. Sabe que leva un cadeado pesado ás costas. Que ten os ósos deformados precisamente por iso. Mais le rápido e fai cachiños co papel, para que el non o vexa. E cando lle pregunte por que había un grupiño de xente parado na rúa dirá que non sabe, que ela non viu nada, que non se fixou ou mesmo que non pasou por alí. Sabe, desde hai moito, moito tempo, que o mellor é non tocar determinados temas, nin mentalos. El acabará dicindo que é unha burra e que que saberá ela, que esas son todas unhas putas, unhas pendangas de cona quente que andan a ensinar o cu e arrimarse ao primeiro que pasa, que desde que as mulleres traballan teñen unha lingua que non hai quen as paren, pensan que son homes, que poden dicir o que lles peta e a quen lles peta. Que si unha filla súa andara así e falara así partíalle a cara, e que non lle estraña, que non lle estraña nada que lles batan e aínda que algunha morra, porque é que as buscan.

25 de novembro. Estamos na rúa un ano máis, lemos os nosos poemas, as nosas cartas, cantamos, colocamos elementos diversos que nos lembren ás mulleres que morreron, sinalamos os indicios ante os que debemos preocuparnos, alzamos a nosa voz. Mais aínda falta, falta implicación e compromiso desde as institucións, faltan partidas económicas que sustenten unha rede absolutamente necesaria para que as mulleres se sintan apoiadas e poidan tomar a decisión que as salve. Faltan políticas que incidan nun cambio de conciencia. Aínda hai que chegar a tantos lugares e tantas persoas, como a esa casa, esa cociña en que hoxe hai unha parella, esa mesa ao redor da cal unha muller cala, cala e cala aínda que lle doían os oídos e algo parecido a unha rabia triste se apodere dela ao oír, un día máis, unha noite máis, unha vez máis esa boca que, mentres mastiga e bebe e nin a mira, xustifica a violencia coa violencia das súas palabras.

Marta Dacosta, novembro 2014.

Esposa-escrava

Escrito por Marta Dacosta

Venres, 28 Novembro 2014 16:55
